



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Intervención - Tesouraría

Aprobación definitiva Orzamento municipal exercicio 2026

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO EXERCICIO 2026

Rematado o prazo de 15 días hábiles dende a publicación do acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Ponteceso para o exercicio 2026, que tivo lugar na sesión ordinaria celebrada o 8 de abril de 2026, sen que se presentaran reclamacións contra o mesmo, dita aprobación pode considerarse definitiva de acordo co establecido no artigo 169.3 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 20.3 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, polo que faise a publicación do resumo por capítulos do mencionado Orzamento:

CAPÍTULO	GASTOS	INGRESOS
I	2.396.951,40 €	1.610.246,60 €
II	3.073.039,00€	201.000,00 €
III	29.000,00 €	556.600,00 €
IV	142.470,97 €	3.625.963,21 €
V	-	399.794,01 €
VI	916.860,62 €	-
VII	-	290.542,41 €
IX	126.184,24 €	-
TOTAL	6.684.146,23 €	6.684.146,23 €

Na referida sesión plenaria se acordou aprobar o cadro de persoal, segundo o previsto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, que se reproduce a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIO

A.1) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Grupo	Subgrupo	Denominación	Número de dotacións	Situación
A	A1	Secretaría FHN	1	Propiedade (en comisión)
A	A1	Intervención FHN	1	Vacante
A	A1	Tesourería FHN. . Agrupada có Concello de Coristanco	1	Vacante
A	A1	Técnico Admon Xeral	1	Vacante
A	A1	Tradutora de lingua galega	1	En propiedade
A	A2	Traballadora social	1	En propiedade
C	C1	Administrativo. Xefe da unidade administrativa	1	Vacante
C	C1	Administrativos	2	En propiedade
C	C1	Policía local	4	2 En propiedade 2 Vacante
C	C2	Auxiliar Administrativo	1	En propiedade

A.2) FUNCIONARIOS INTERINOS

Grupo	Subgrupo	Denominación	Número de dotacións	Situación
A	A2	Técnico de medio ambiente	1	Ocupada
A	A2	Técnico de museo	1	Ocupada

B) PERSOAL LABORAL**B.1) PERSOAL LABORAL FIXO**

Denominación	Nº de dotacións	Situación
Aparalledor/arquitecto técnico	1	En propiedade
Auxiliares administrativos	4	3 En propiedade 1 Vacante
Limpador/a instalacións municipais	3	En propiedade
Auxiliar de arquivo e biblioteca	1	En propiedade
Condutores de obras e servizos	2	En propiedade
Coordinador do GES	1	En propiedade
Persoal GES	12	10 En propiedade 2 Vacantes
Educadora familiar	1	En propiedade
Técnico de emprego local	1	En propiedade
Orientador/a laboral/ Apoio a Secretaria	1	En propiedade
Conserxes	3	En propiedade
Limpadoras colexios (fixo discontinuo)	6	5 En propiedade 1 Vacante
Limpadora colexio (p.laboral indefinido)	1	Vacante
Operarios obras e servizos	4	En propiedade
Animadora cultural	1	En propiedade
Monitor/a actividades deportivas-culturais	2	En propiedade
Animadora/a deportiva	1	En propiedade

Igualmente aprobase a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 1.189.938,76 €.

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que, de conformidade co establecido no art. 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da referida xurisdición.

En Ponteceso, 07 de maio de 2026

O Alcalde

Asdo: Jose Manuel Mato

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

2026/2972